



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
16 XUN. 2016	
N.º ENTRADA 18016.	N.º SAIDA

**Grupo Provincial Socialista**  
Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

**JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ**, deputado e portavoz provincial do **GRUPO SOCIALISTA** da Deputación de Ourense, en base ó previsto na Lei de Bases Reguladora do Réxime Local, ó artigo 91 e 97, entre outros, do R.O.F. e o Regulamento da Corporación presenta unha **MOCIÓN SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE AXUDA OS CONCELLOS A CONTRATACIÓN DE TRABALLADORES DESEMPREGADOS PARA A MELLORA DOS SERVIZOS E INFRAESTRUCTURA MUNICIPAIS**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Segundo o disposto na Lei das Bases de Réxime Local a Deputación debe asegurar o acceso da poboación da provincia ó conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e garantir a maior eficacia e economía na súa prestación, mediante calquera fórmula de asistencia e cooperación. Con esta finalidade a institución provincial pode outorgar subvencións e axudas con cargo ós seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, o que se instrumentará a través de plans especiais ou ben doutros instrumentos específicos.

As circunstancias de crise económica e as medidas do Goberno afecta de forma moi grave ós concellos, especialmente ós desta provincia polo tamaño e insuficiencia de recursos agravada pola normativa que impide contratar persoal polos concellos da provincia para prestar determinados servizos ou executar obras esenciais. Hai que engadir situacións de novos recortes como o do Plan de Cooperación Local da Xunta que causou que os Concellos perderan a posibilidade de contratar persoal imprescindible para moitos servizos públicos.

Á vista das necesidades dos concellos parece necesario que esta Deputación tome medidas en auxilio dos concellos a través dunha convocatoria pública e con criterios obxectivos que permita garantir servizos municipais esenciais e ó mesmo tempo permitir a contratación de traballadores desempregados que necesitan unha oportunidade laboral que non atopan.

Por elo consideramos debe convocarse axudas tendo en conta o previsto na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia (LSG) e a Lei 38/2003 Xeral de Subvencións (LXS), coas que os concellos poidan afrontar o custo salarial total, incluída a cotización á Seguridade Social, de traballadores desempregados, en xornada de 35 horas semanais, por un período que se estableza e para un número de traballadores que dependerá de criterios obxectivos.

email: [gruposocialista@depourense.es](mailto:gruposocialista@depourense.es)  
facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)  
twitter: [SocialistaDepou](https://twitter.com/SocialistaDepou)



**Grupo Provincial Socialista**  
Rúa Progreso, 32 – 2º andar  
32003 Ourense  
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte Moción.

#### **PROPOSTA DE ACORDO:**

A Deputación Provincial de Ourense acorda poñer en marcha un Plan anual de contratación de traballadores en situación de desemprego a cargo dos Concellos da provincia co obxecto de manter e mellorar os servizos municipais e infraestruturas municipais, para o que se aprobarán unas bases que teñan en conta criterios obxectivos e a través de convocatoria pública .

En Ourense a 15 de Xuño de 2016



**SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

email: [gruposocialista@depourense.es](mailto:gruposocialista@depourense.es)  
facebook: [gruposocialista.depourense](https://www.facebook.com/gruposocialista.depourense)  
twitter: [SocialistaDepou](https://twitter.com/SocialistaDepou)